

LOS CATEDRÁTICOS ESPAÑOLES DE DERECHO DEL TRABAJO (1917-2024). UNA VISIÓN GENEALÓGICA

Autor: Alberto Arufe Varela e Jesús Martínez Girón
Ediciones Laborum, 1ª edición, 2025, 396 páxs.

A prosopografía como técnica historiográfica non é un xénero que se cultive de maneira frecuente no ámbito do Dereito do Traballo, máis aló dalgunha publicación sobre as orixes da Administración laboral en España. Na década pasada, o Ministerio de Emprego iniciou unha serie titulada "Descripción de Grandes Laboralistas", que retratou monograficamente a catro dos Pais Fundadores da disciplina. O máis recente "Laboralistas. Una década utópica" ha abordado una certa visión colectiva de quen practicaba esta rama do Dereito.

Neste panorama, a aparición de "Los catedráticos españoles de Derecho del Trabajo (1917-2024). Una visión genealógica" supón un auténtico fito, xa que é o primeiro traballo exhaustivo sobre as persoas obxecto de estudo. O libro persegue, como ousado obxectivo, proporcionar unha cronoloxía e un mapa de cátedras de Dereito do Traballo en España. Esa cartografía permite observar, de modo ordenado, a difusión xeográfica da disciplina desde as Universidades clásicas (Madrid, Barcelona, Sevilla, Murcia, Valencia, Santiago de Compostela, Zaragoza, etc.), así como o encadeamento de promocións e oposicións que foron poboando os departamentos e Facultades públicas.

Porque esa é unha das liñas vermellas da obra: só teñen a condición analizada as 199 persoas que integraron o corpo estatal, quedando fose da análise o persoal das Universidades privadas, pero tamén o amparado polo convenio colectivo das Universidades públicas catalás ("os chamados catedráticos"). A cotización pola continxencia de desemprego, cal marca de Caín, separa así á grey, sentándose unicamente os funcionarios á súa destra.

Pero, máis aló do dato nominal e da data, a ambición xenealóxica convida a rastrexar quen forma a quen, que escola inflúe sobre cal outra etc. A xenealoxía é o fío condutor da obra, plasmada na árbore, incólume e inmune aos enxertos ou aos transplantes, que acompaña como despregable a publicación. E é que este é un dos dogmas niceanos do libro: “Estamos convencidos de que se trata dunha relación moral, aínda que suxeita á súa propia e peculiar dinámica, na que o máis usual é o que o discípulo recoñeza como o seu mestre ao director do seu traballo doutoral, e o menos usual – aínda que pode chegar a ocorrer – é que se produza o repudio (...), subseguinte ao feito imposible de borrar ou eliminar (...), o que explica que nós, á hora de asignar discípulos aos mestres, non prescindísemos nunca dese feito indeleble”.

Sobre estas bases, a obra estruturase, in partes tres: a análise desde un punto de vista sincrónico (isto é, “detallando nela cales son os comúns denominadores”); a análise desde un punto de vista diacrónico (“recompilamos nela todos os nomeamentos iniciais dos catedráticos”); e a serie histórica dos 199 catedráticos e catedráticas españois de Dereito do Traballo.

Na primeira parte, Arufe Varela e Martínez Girón – á vez autores e coprotagonistas, posto que as súas propias vidas entrelázanse na narración en primeira persoa, rompendo “a cuarta parede” - presentan os trazos que, na súa concepción, identifican a un catedrático: un funcionario estatal, un investigador de temas orixinais, un docente creador de contido docente publicado, un xestor de actividades propias ou exclusivas de catedráticos, un mestre de mestres (categoría especialmente grata aos autores), unha luminaria co seu relumbrón e un inmortal, metaforicamente falando. Non cabe dúbida de que cumprir todas estas características está ao alcance de poucos dos integrantes do elenco. Con que puntuemos algo nas cinco primeiras, bastante é, a xuízo de quen isto asina.

Na segunda parte, os autores rastrexaron os 199 nomeamentos iniciais e as 2 permutas e 52 concursos de traslados que constitúen o camiño agregado deste colectivo nun século e algo menos dunha década de existencia. Resulta de enorme interese a descrición meticulosa dos procedementos de acceso á cátedra, en tempos recentes só coñecidos por quen tivemos o privilexio de escoitar o seu relato por quen participou neles.

Un dos grandes méritos deste libro é a resurrección da figura esquecida de #Luis Olariaga Pujana. Os datos postos de manifesto polos autores fanlle acredor dunha categoría primixenia, case de Saturno, anterior mesmo a Pérez Botija e Bayón Chacón. A formalidade de que a súa cátedra fóra de Política Social non é obstáculo para a súa proclamación polos autores como “pioneiro”.

Deixándolle ao carón, os 198 restantes son clasificados en 6 etapas, que se corresponden coa lexislación que regulaba o acceso á cátedra en cada momento: a Lei sobre ordenación da Universidade española de 1943, a Lei 83/1965, sobre estrutura das facultades universitarias e o seu profesorado; a Lei orgánica 11/1983, de reforma universitaria; a Lei orgánica 6/2001, de Universidades, en dúas etapas que se corresponden no sistema de habilitación nacional e co de acreditación nacional; e a Lei orgánica 2/2023, do sistema universitario, coa prevención neste último caso de que todos os analizados neste epígrafe obtiveron a súa acreditación na etapa anterior, pero opositaron durante a vixencia da nova lexislación.

A etapa que se iniciou en 1943 abarca os 12 primeiros nomeamentos, cifra casual sobre a que é difícil non chancelar. Neste tempo tiveron lugar as dúas únicas permutas da cronoloxía e os primeiros concursos de traslados. Os datos deste tempo son epatantes. Catedráticos de 26 ou 27 anos, aos dous anos de lectura da tese, cunha media de 33 anos de idade no conxunto; trincas encarnizadas que deixaban secuelas durante décadas; e unha mobilidade (en xeral, ascendente cara a Madrid) moi rechamante, posto que só 3

deles permaneceron nas Universidades nas que obtiveron a cátedra (e 2 xa empezaran na Complutense). Era o tempo das denominadas polos autores "cátedras órgano". Deles podería dicirse, nas memorables palabras de Tolkien en "Egidio, o granxeiro de Ham": "Había entón máis acougo e menos habitantes, así que a maioría eran personaxes distinguidos".

A etapa correspondente á lexislación de 1965, que arrinca con oposicións en 1970, trouxo outros doce nomeamentos, en admirable simetría espontánea. Ofrecémos aquí os autores datos relevantes: o máis novo dos triunfantes tiña 31 anos, pero a media xa subira aos 36; empezábanse a dirixir tese sen ter o rango supremo, pola puxanza dos novos agregados; 9 dos 12, de novo repetíndose a cifra, trasladáronse ata alcanzar a súa localización definitiva. Para Arufe Varela e Martínez Girón, este período caracterízase por "ser a etapa de relanzamento da manualística universitaria". Ao amparo da LRU, chegan as "cátedras-posto de traballo" e a masificación. Prodúcese 51 nomeamentos, incluídas 3 transformacións de agregados en catedráticos. A análise deste colectivo xa se volve abafador e pon de manifesto o esforzo titánico de sistematización que levaron a cabo os autores. É a época da "auténtica explosión da bibliografía científica laboralista", cunha media de idade de acceso á cátedra de 37 anos e un plusmarquista de 30. 20 deles cambiaron de destino, poñendo de manifesto un cambio de tendencia, xa que máis da metade optaron pola estabilidade académica.

A nefasta LOU pretendeu acabar coa endogamia universitaria e só creou caos, desconcerto e rechinar de dentes. Proba diso é o exíguo balance de catedráticos que produciu o sistema de habilitación nacional, 9 en total nun momento no que o número de Universidades superaba as 50 e o sistema dunha Universidade, un catedrático empezaba a ser a excepción e non a regra. Testemuño dos efectos desta lexislación é a preocupación dos autores de sinalar xa non as idades temperás, senón pola contra os 50, 60 ou 61 anos coas que

determinadas persoas conseguiron alcanzar a cátedra. Sódous deles cambiaron de destino.

O seguinte sistema de acreditación é o que canalizou o crecemento exponencial do número de catedráticos, 96 en total. Neste punto, os autores prestan unha maior atención ao factor xénero na repartición de cátedras, constatando o crecente número de mulleres catedráticas, que nalgúns períodos son máis que os homes no novo acceso. A mobilidade extínguese neste período: salvo erro ou omisión meus, só houbo 2 cambios de destino, con ida e volta incluída. En canto á idade, ata 2012 oscilaban entre os 43 e os 57; entre esa data e 2019 non se recolle o dato; entre a pandemia e a derogación da LOU, van dos 47 aos 56; e tras a entrada en vigor da LOSU, ofrecen os autores unha idade media de 53 anos para o acceso á cátedra.

Pecha esta segunda parte unha visión de conxunto das sete etapas consideradas, nas que levan a cabo diversas valoracións sobre todo este conxunto de datos. As conclusións dos autores, persoalísimas, superan mesmo á narrativa anterior.

A terceira parte do libro, finalmente, contén a serie histórica, un auténtico “Who is Who” ou un verdadeiro “Almanaque de Gotha”, se aceptamos a opinión dos autores de que os compoñentes do corpo teñen a honra de condes conforme a Partida II. Os datos acumulados no libro permiten, ademais, extraer outras conclusións complementarias sobre a carreira académica.

Xunto ao estudo da idade biolóxica que os autores propoñen como mostra da evolución dos tempos, eu engado unha análise da idade académica: o número de anos que transcorre entre a colación do grao de Doutor e a obtención da anhelada cátedra. Deixando ao carón á tríada que abre o escalafón, posto que as súas circunstancias son extraordinarias, é posible afirmar con rotundidade e con datos na man que cada vez se tarda máis en acceder á cátedra. O criterio estatístico da moda é de imposible

aplicación uniforme, pero a media e a mediana ofrecen datos incontestables.

	Media (Desv.típica)	Mediana
Lei 1943	6,4 (3,16)	7,5
Lei 1965	9,1 (1,79)	9,5
LRU	10,36 (3,19)	11
LOU – Habilitacións	17,22 (6,30)	15
LOU – Acreditacións	19,98 (4,14)	21
LOSU	22,89 (3,52)	24,5

Como se pode ver, dividindo o colectivo nos seis subconxuntos que propoñen Arufe Varela e Martínez Girón, pódese ver como a LOU acabou coas carreiras fulgurantes, propias do xeneralato da Revolución Francesa. Agás erro meu, eses son os resultados do meu procesamento da información proporcionada. Ao 31 de decembro de 2024, coa lexislación en vigor, ninguén alcanzara a cátedra sen percorrer un *cursus honorum* de menos de 16 anos desde a lectura da súa tese doutoral.

Péchase o libro con varios apéndices onde, de novo, a información non ten límite.

Como colofón deste *opus magnum*, hai que resaltar que, xunto a toda esta investigación meticulosa, en ocasións os autores recreáanse, de forma moi divertida, na anécdota; mesmo con resaibos da “Anécdota” orixinal, a Ἀπόκρυφη Ἱστορία de Procopio de Cesarea. Sirvan como botón de mostra as páxinas 63, 85, 86, 97, 121, 139, 144, 154, 155, 162, 168, 171, 173, 180 ou 190, sen ánimo de

exhaustividade. Consúlteas o lector en por si, que o esforzo lle compensará.

JOSÉ MARÍA MIRANDA BOTO
Catedrático de Dereito do Traballo e da Seguridade Social
El 196 de la serie histórica
Universidade de Santiago de Compostela (España)
josemaria.miranda@usc.es